

IX PREMIO ATLANTE DO MUSEO DE ARTES DO GRAVADO Á ESTAMPA DIXITAL

**BASES
2017**

BASES IX PREMIO DE GRAVADO ATLANTE Edición 2017

- 1- Poderán participar todos os artistas nacionais e estranxeiros que o desexen. As obras deberán estar executadas necesariamente en calquera dos sistemas e técnicas gráficas, incluídas os procedementos dixitais e electrográficos, que considere conveniente o artista.
- 2- Admitiranse como máximo dúas obras por autor. O tamaño do papel será de 38 cm x 28 cm. O artista poderá utilizar as tintas e matrices que estime conveniente para estampar os orixinais.
- 3- Os gravados serán inéditos e sen ser editados nin numerados. **Os premios outorgados traen consigo a edición das obras premiadas en 25 exemplares e a súa entrega á Fundación Museo de Artes.**
- 4- Establécense: **Premio Ramiro Carregal de gravado de 5.000 €, 1 Premio María del Rosario Martín de 2500€, 2 premios dotados con 2.500 € cada un e un premio especial de 2.000 €, para un artista nacido ou residente en Galicia.** Estes premios estarán suxeitos ás retencións marcadas pola lei.
- 5- Xunto coa obra achegarase a seguinte documentación:

Datos do autor: Nome e apelidos / Técnica utilizada / Medida da prancha / Breve currículo artístico / Fotocopia do DNI ou pasaporte / Enderezo, número de teléfono e correo electrónico.
- 6- Os gravados enviaranse sen enmarcar, convenientemente protexidos á Fundación Museo das Artes do Gravado. Lugar de Outeiro. ARTES- Riveira. 15969 (A Coruña) España, **do 1 de outubro de 2017 ao 31 de maio de 2018.**

7- A Fundación Museo de Artes, comprométese a editar unha carpeta cos 5 gravados premiados. Os gañadores, responsabilízanse de estampar, numerar e asinar os 25 exemplares, máis as 2 probas de artista; deberán entregar a/as matriz/ces xunto coas 25 estampas á Fundación Museo de Artes. Os 5 artistas galardoados recibirán da Fundación unha carpeta completa cos cinco gravados premiados.

8- Os traballos seleccionados expóranse nunha das Salas do Museo de Artes.

9- O xurado estará formado por 5 personalidades do mundo da Arte, e a súa decisión será inapelable. O veredicto emitírase no prazo máximo de dous meses desde a finalización do prazo de entrega das obras.

10- A Fundación, velará pola boa conservación dos traballos recibidos, pero non se responsabiliza polos danos causados durante o envío e devolución das obras. Os gastos de envío e retorno correrán por conta do artista. Se os envíos son desde España poderanse achegar os selos para a súa devolución.

11- As obras sen retirar, nin reclamar no prazo de 2 meses transcorridos desde a entrega de premios, pasarán a engrosar a colección de Arte Gráfica da Fundación.

12- As obras seleccionadas poderanse vender no transcurso da exposición, se previamente así o indicou o autor, que percibirá o importe integro da venda. Poñeranse en contacto o artista co comprador.

13-Protección de Datos. Consonte á L.O.P.D. informamos de que os seus datos persoais, indicados no punto 5, serán rexistrados nos ficheiros automatizados ou non de Fundartes coa finalidade de xestionar a súa participación no concurso. Informámoslle de que estes poderán ser publicados en medios de comunicación escrito e/ou dixital coa finalidade de dar a coñecer os premiados e divulgar a actividade do museo. Informámolo/la de que poderá recibir información sobre a nosa actividade, eventos e outros a través de medios electrónicos. Vde. poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación, oposición mediante un escrito achegando unha copia do DNI á Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital, en Artes Lugar de Outeiro s/n 15969, Ribeira (A Coruña). En caso de que producise algunha modificación dos seus datos, pregamos nolo comunique coa finalidade de mantelos actualizados.

14- Polo feito de participar neste concurso o artista acepta as bases e renuncia a calquera tipo de reclamación.

Para máis información:

Tlf: 981871342.

E-mail: fundartes@gmail.com

Xurado:

- Manuel Ayaso, pintor e gravador.
- José Daniel Buján, director da Biblioteca de Galicia.
- Alfonso Costa, pintor e gravador.
- Carmen Hermo, doutora en Belas Artes e gravadora.
- Juan Monterroso Montero, Decano da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela.
- Jose Manuel López Vázquez, profesor da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela.
- Isabel Pintado, pintora, gravadora e docente.